



Un aviadador atópase perdido no deserto do Sáhara, despois de ter unha avaría no seu avión. Entón aparece un pequeno príncipe extraterrestre, que lle conta as súas experiencias por diferentes planetas.


Un libro fascinante e educativo onde se examina polo miúdo os perturbadores misterios reais e ficticios máis importantes do século XIX. O autor repasa, seguindo a brillante metodoloxía de Sherlock Holmes, a historia do crime contemporáneo.




No ano 1984, a Policía do Pensamento controla de forma abafante a vida dos cidadáns londinenses. Winston Smith é un peón desta engrenaxe perversa, deberá reescribir a historia para adaptala ao que o Partido considera a versión oficial dos feitos... ata que decide replantear-se a verdade e actuar.



biblioteca do IES A Xunqueira II
visita o noso blogue:
www.bibliototem.blogspot.com




guía de lectura
verán 2018





Libro de versos no que unha adolescente convulsa e opaca atopa a voz que nunca tivo. Entrarás nun universo onde non todo vai ser fashion & cool & chic & sexy.

Mentres tratan de perfeccionar o funcionamento dunha gran antena, dous rapaces radioastrónomos dos laboratorios Bell, en Holmdel, New Jersey, captan un molesto ruído de fondo, omnipresente e misterioso.




Mito da eterna xuventude, onde o autor denuncia a superficialidade e o narcisismo reinante na época victoriana. Establece un debate entre ética e estética, alma e corpo, o ben e o mal, a arte e a vida.



Miles, un mozo que busca o seu destino, e Alaska, unha moza perdida no labirinto da vida, enfróntanse a preguntas intemporais: o significado da existencia, o sufrimento...

Paco Roca conta con precisión e dende unha mirada intimista, non exenta de dureza, esa batalla contra a vellez, ata que as páxinas da obra se volven totalmente brancas.



Un matrimonio católico e moi conservador ten catro fillas ás que trataron de inculcar os seus valores e principios. Sen embargo, as rapazas só lles dan desgustos. Esta película obtivo un enorme éxito de taquilla en Francia, con máis de 12 millóns de espectadores.



Libro de relatos onde a ficción se constrúe a partir de diferentes acontecementos sucedidos durante a II Guerra Mundial. A obra é un retrato desolador e emocional do comportamento das persoas en circunstancias extremas. Un pulso crítico á condición humana.

Eminentes científicos responden a 8 preguntas infantís con sencillez e sentido do humor: por que os seres humanos non deben clonarse?, por que as estatuas gregas están espidas?, por que soñamos?, por que podemos oír?, por que as plantas medran? por que eu e son eu?, por que as estrelas non caen do ceo?.



Título da saga que se inicia con Cidade de óso: unha fantasía urbana poboada por vampiros, demos, homes lobo, fadas, auténtico romance e acción explosiva.

